

NOTA DE PRENSA

O CD “Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya” preséntase este sábado nun concerto no Teatro Principal de Santiago, ás 20:00 horas

É unha iniciativa do grupo “Trojanos de Compostela”, que aglutina 26 cancións do repertorio tradicional de tuna e da época da novela homónima de Pérez Lugín

Tuna Compostelana, Lela -con texto de Castelao- e Fonseca conviven con composicións populares como Os teus ollos, Canta o galo e Unha noite na eira do trigo

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018 (Vía Láctea Comunicación).- No marco dos actos conmemorativos do 25º aniversario do Museo Casa de la Troya, a agrupación musical da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, “Trojanos de Compostela”, gravou o seu primeiro CD baixo o título de *Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya* a finais do pasado ano. Agora preséntase nun concerto que terá lugar este sábado, 14 de xullo, no Teatro Principal de Santiago, ás 20:00 horas. O concerto é gratuíto, previa retirada de invitación na billeteira do Teatro Principal. O CD realizouse coa colaboración da Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Benigno Amor, presidente da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo, indica que “con este CD queremos recuperar e divulgar a música de autores galegos de finais do século XIX e comezos do XX, que é precisamente o tempo da novela autobiográfica *La Casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín, onde a música é a protagonista da historia”. Explica que o título do disco é unha homenaxe a José Gómez Veiga “Curros”, director musical da Tuna Compostelana naquel tempo e un músico de grande influencia na vida musical de Santiago. “É, ademais, unha homenaxe a Compostela e ás súas rúas polas que tanto cantamos e trouleamos” -salienta-.

O grupo de pulso e púa da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos-Casa de la Troya nace en 2013 como un proxecto directamente vencellado ao museo. O seu obxecto é investigar, promover e divulgar a música para instrumentos de corda pulsada que tocaban as tunas en Santiago a finais do século XIX e comezos do XX; lembrando ao mesmo tempo a figura de compositores galegos da época como Chané, Curros, Canuto Berea ou Marcial del Adalid. A agrupación está dirixida dende os seus inicios polo mestre **Fernando Reyes Ferrón**, profesor de instrumentos de corda pulsada.

O grupo fixo a súa presentación oficial no *Festival do Centenario*, que tivo lugar no Auditorio Abanca de Santiago en 2015, dentro do programa de actividades dos *// Encuentros Troianos en Compostela*, que reuniu na cidade a tunas veteranas de diferentes partes do mundo. Dende entón ten realizado diversas actuacións, tanto en Santiago e no seu contorno como noutros puntos de Galicia e Portugal. Na actualidade a agrupación está integrada por 32 compoñentes, persoas afeccionadas á música que son profesionais en distintos ámbitos, pero aos que os une a súa pertenza ás tunas de Compostela durante a súa etapa académica. E cada luns reúnense para facer música en La Casa de la Troya.

As cancións do disco

O disco gravouse en decembro de 2017 no Centro Cívico do Romaño. Recolle un total de 26 cancións, cunha duración de algo máis de unha hora. O CD inclúe un libreto de preto de cen páxinas en galego, castelán e inglés; a portada ilustrada por **Xosé Vizoso** e fotografías do proceso de gravación, o museo, actuacións do grupo, xunto a diversas imaxes antigas.

O director musical do grupo e deste proxecto, **Fernando Reyes**, sinala que “o CD pode contribuír a unha mellor comprensión do libro de Pérez Lugín. Nos tempos da novela e durante varios decenios, público de Compostela, Galicia, de toda España e das máis importantes capitais de América e de Europa coñecían as músicas dos autores galegos cantadas no libro. Hoxe, por desgraza, moitas desas músicas son descoñecidas e mesmo en Galicia e en Santiago son pouco interpretadas”.

As músicas citadas no libro son moitas e non teñen cabida nun só CD. Algunhas das integradas no disco son as mesmas que as que aparecen na novela, tradicionais como *Canta rula* ou de autores coñecidos como *Unha noite na eira do trigo* (Montes, Salgado e Curros Enríquez), *Negra sombra* (Montes), *Canta o galo* (Adalid) ou *Os teus ollos* (Chané). Case todas as cancións do disco son interpretadas polo grupo troyano, agás dúas das pezas que canta o personaxe de Carmiña na novela, interpretadas no CD por **Mercedes Hernández** -*Canta rula* e *Lonxe de Terriña*-, que tamén pon voz á rapaza que canta o *Alalá das Mariñas*, homenaxe que Lugín fai a Rosalía de Castro.

O CD inclúe outras pezas que encaixan na época da Estudantina, como as instrumentais *La Alfonsina*, *Santiago*, *Manoliño* ou *Muiñeira de Ponte Sampaio*. Outras achégannos a música tradicional como *Potpourri Ai Pepiño adiós*, *Que lle den bertorella* ou *A raíz do toxo verde*. Tamén se lle rende homenaxe ao que fora director da Tuna durante gran parte dos inicios do século XX, **Pepe Curros**, con dúas das súas obras, *Chirimías* e a que dá título ao CD, *Viva Galicia!*.

Así mesmo, o grupo presenta versións de dúas das obras máis representativas da Tuna Compostelana, a homónima *Tuna Compostelana* e *Fonseca*. Tamén se recolle *Lela*, co texto de Castelao, membro da tuna nos seus tempos de estudante; e *Coímbra*, en lembranza das viaxes por Portugal das primeiras tunas de Santiago.

“Quixemos que estivesen presentes ademais algúns sons, melodías e berros da cidade que tan ben mostra Lugín e que completa a rica sinfonía que é a novela *La Casa de la Troya*. O noso CD pretende ser unha xanela aberta a ese universo musical e sonoro descrito por Lugín” -salientan os representantes da agrupación-.

Un proxecto realizado por “tunos de verdade”

Fernando Reyes manifesta que, dende a posta en marcha da agrupación, entendían que “era imposible pensar que reproduciríamos con exactitude os sons dunha tuna tal como era nos tempos de *La Casa de la Troya*. Aquela Estudantina era moi diferente de calquera tuna actual, pola variedade de instrumentos e posiblemente tamén pola calidade interpretativa. Pero salienta que “o grupo que interpreta este CD é probablemente unha das últimas xeracións que herdou moitas das liñas trazadas na época de esplendor: persoas que fixeron pasarrúas, serenatas, rondas, viaxes, concertos... que foron tunos de verdade”. Conta con membros de distintas xeracións, xa que o maior rematou os seus estudos en 1970 e o máis novo en 1994.